



ANUNCIO

CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DUN/HA DOCENTE PARA A IMPARTICIÓN DOS MÓDULOS PROPIOS E DO MÓDULO DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DO CURSO DE FORMACIÓN OCUPACIONAL “MAMR0108 MONTAXE DE MOBLES E ELEMENTOS DE CARPINTERÍA”

Mediante Resolución do Concelleiro delegado de seguridade, persoal, mercados, emprego e formación desta mesma data se aprobou a convocatoria e bases de selección cuxo contido literal é o seguinte:

" CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DUN/HA DOCENTE PARA A IMPARTICIÓN DOS MÓDULOS PROPIOS E DO MÓDULO DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DO CURSO DE FORMACIÓN OCUPACIONAL “MAMR0108 MONTAXE DE MOBLES E ELEMENTOS DE CARPINTERÍA”, co seguinte articulado,

1 OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é proceder á selección dun/ha docente para a impartición dos contidos formativos do programa de formación ocupacional “MAMR0108 Montaxe de mobles e elementos de carpintería” e do módulo de prácticas profesionais non laborais do mesmo, reflectidas no seu programa, cun total de 460 horas, seguindo o certificado de profesionalidade publicado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para esta especialidade, e o calendario proposto polo Concello e aprobado pola antedita Consellería, aprobado pola Resolución do xefe territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de data 18/08/2017, e xustificada na providencia do concelleiro delegado de data 07/06/2015.

2 CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABAJO

As persoas contratadas deberán prestar os seus servizos, en horario a determinar pola Alcaldía segundo as necesidades do servizo, podendo comprender xornada de mañá e/ou tarde, de luns a domingo, dependendo da programación precisa para a impartición de dita especialidade, seguindo as indicacións da *“Orde do 7 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente aos exercicios de 2017 e 2018 (código de procedemento TR301K)”*.

A duración máxima dos contratos será a precisa para a impartición da formación, e coa data máxima de finalización, en calquera caso o 30/06/2018, agás que por calquera motivo, a Consellería permitira unha finalización posterior. O calendario do curso estará marcado polo Concello previa autorización da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Dito calendario poderá ter variacións tanto nos días como no seu horario, incluíndo o cambio entre impartición de mañá ou tarde, dependendo das necesidades do servizo e sempre de acordo coa Orde do 7 de marzo de 2017. O número de horas diarias de impartición non superará as 5 diarias nin 25



EXCMO. CONCELLO DE TUI

semanais (6º.7 da Orde) e o número de horas de preparación, seguimento e avaliación non poderá superar o 20% das horas de docencia (artigo 13º.I.1.b)).

A retribución bruta total polas 380 horas de docencia dos módulos propios (5 horas diarias), mais 76 horas para os custos de preparación, seguimento e avaliación da docencia (1 hora diaria), será de 7.656,24 €, incluíndo salario, prorrateo de pagas extras e tódolos dereitos económicos,. A retribución bruta total polas 80 horas do módulo de prácticas profesionais non laborais, será de 2,11€ x número de horas x 15 alumnos, como indica o artigo 11.3 da Orde do 7 de marzo de 2017, dependendo polo tanto, do número de horas realizadas e o número de alumnos, cun máximo de 2.532,00€. O tempo para a preparación, seguimento e avaliación da docencia dos módulos propios, deberá realizalo no propio centro de formación. Debido ó número de horas do curso, e da normativa que indica a Orde do 7 de marzo de 2017, canto ás datas de finalización, neste curso non están previstas vacacións, aprazamentos, nin descansos, por mor de cumprir os prazos de finalización, polo que se considerarán incluídas no importe da retribución total indicada ó inicio deste parágrafo.

De non acadarmos o número preciso de alumnos para o inicio da acción, ou non poder comezala por calquera causa, a persoa seleccionada como docente, non terá dereito a compensación algunha, xa que tampouco se levaría a cabo a docencia (artigo 28. 2, 3 e 4 da Orde do 7 de marzo do 2017). Así mesmo, en caso de cancelación do curso pola Consellería, o/a docente tería dereito á parte proporcional da cantidade que atribúa a Consellería (artigo 28.4 da Orde do 7 de marzo do 2017).

O/a docente deberá impartir os contidos formativos, obrigatoriamente en galego, así como toda a documentación xerada, probas, cualificacións, planificación e demais documentación, e deberá incluír en toda a documentación subministrada, os logotipos da Consellería de Economía e Industria e o Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Deberá deixar no centro, unha copia de toda a documentación xerada.

O/a docente, entregará toda a documentación precisa que sexa solicitada tanto pola Consellería como polo Concello, e a documentación de preparación, seguimento e avaliación do alumnado, incluíndo as probas realizadas e os informes de cualificacións, tal e como indican os certificados de profesionalidade e a súa normativa reguladora, de cada unha das especialidades, e a Orde ESS/1987/2013, así como os manuais utilizados e outros materiais empregados na docencia. As aulas e talleres, deberán quedar en orden e a ferramenta e maquinaria, colocada para a comprobación do inventario tal e como se lle indique dende o Concello. Toda a documentación, debe ser entregada nos prazos marcados pola Orde do 7 de marzo de 2017, e sempre cos prazos de anterioridade suficientes para a xustificación da impartición, avaliación e económica das accións formativas.

Durante a impartición dos contidos formativos, os docentes poderán realizar as prácticas propias da acción formativa, nos locais indicados polo Concello, tamén no exterior, e sempre coa autorización da Consellería de Economía, Emprego e Industria.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Os contratos rexeranse pola normativa reguladora dos contratos laborais temporais a tempo parcial por obra ou servizo determinado.

A persoa proposta polo Tribunal para a súa contratación, logo de finalizado o proceso selectivo, será contratada, soamente si a súa documentación é admitida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para a impartición dos módulos deste curso. No caso de ser rexeitada, quedaría totalmente excluída, pasando a seguinte persoa da listaxe proposta polo Tribunal.

3 REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Nas instancias polas que as persoas interesadas soliciten presentarse ó proceso selectivo do posto de traballo correspondente, farán constar que cumpren, con referencia á data na que expire o prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:

1 Ter nacionalidade española, ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do RDL 5/2015, do 15 de outubro.

2 Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

3 Ser maior de dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

4 Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, Órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas de conformidade co disposto no artigo 56.1 do RDL 5/2015, do 15 de outubro.

5 Non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

6 Posuír a titulación esixida: Posuír a titulación esixida no Real Decreto 1968/2008, do 28 de novembro polo que se establece o certificado de profesionalidade da especialidade. De non ter calquera das titulacións, será preciso acreditar experiencia profesional de 5 anos na materia.

7 Posuír a experiencia profesional esixida no Real Decreto 1968/2008: Deberá ter 1 ano de experiencia profesional na materia se dispón das titulacións indicadas no parágrafo anterior, ou de 5 anos se non as tivera.

8 Posuír o nivel pedagóxico esixido: Deberá estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. Quedan exentos deste requisito as persoas indicadas no artigo 8 do Real Decreto 189/2013, do 15 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro (BOE núm. 69, do 21/03/2013), tendo que presentar a documentación acreditativa da exención que indica esta norma.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

9 Ter ingresado na conta da Tesourería do Concello de Tui, durante o prazo de presentación de instancias, o importe en concepto de dereitos de exame segundo o disposto na ordenanza reguladora correspondente. Importe 7,75€. Para o pago das taxas deben solicitar o documento de ingreso no departamento de tesourería do Concello, enviando correo electrónico a amalia.tesoureria@concellotui.org ou ana.tesoureria@concellotui.org, indicando no mesmo correo os seguintes datos: nome e apelidos, dni, enderezo completo con código postal, nome do proceso selectivo e teléfono de contacto; tendo en conta que deben facelo coa antelación suficiente para recibir o dito documento, e poder realizar o pago no prazo de presentación de instancias.

4 PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes para a participación no presente proceso selectivo presentaranse no modelo ANEXO 1 de instancia de presentación, que deberá estar asinada en bolígrafo de cor azul, no Rexistro Xeral do Concello de Tui ou en calquera das formas previstas no artigo 66º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **10 días hábiles** dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria nun xornal de difusión provincial. No suposto de presentarse a instancia fora do Rexistro Xeral do Concello, será necesario remitila por fax ao núm. 986. 604.148, o mesmo día da súa presentación, na que debe aparecer o selo de rexistro do lugar no que se presentou, para que sexan incluídos na lista de persoas admitidas.

Xunto á instancia (ANEXO 1), asinada en bolígrafo de cor azul, achegarase a seguinte documentación.

1 Copia compulsada do DNI.

2 Copia do xustificante de ter aboado os dereitos de exame no prazo de presentación das instancias.

3 Copia compulsada da titulación esixida no punto 3.6

4 Copia compulsada da experiencia esixida no punto 3.7

5 Copia compulsada do nivel pedagóxico esixido no punto 3.8

6 Copia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados, de conformidade co baremo establecido no punto 7da presente convocatoria. Esta documentación debe ser entregada no prazo de presentación de instancias deste proceso.

Os méritos deberán estar suficientemente acreditados. Tódolos méritos deberán acreditarse necesariamente mediante a presentación da copia compulsada dos títulos oficiais correspondentes e pola copia compulsada dos contratos, ou orixinal ou copia compulsada da certificación de órgano competente que indique claramente as datas e denominación da actividade realizada, **e mais a vida laboral actualizada**. Os méritos non xustificadas documentalmente ou insuficientemente xustificadas non serán obxecto de valoración por parte do Tribunal avaliador.

7 Declaración (ANEXO 2), asinada en bolígrafo de cor azul, que inclúe a declaración de posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, a declaración de non ter sido separado mediante expediente



EXCMO. CONCELLO DE TUI

disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas de conformidade do disposto no artigo 56.1 do RDL 5/2015, do 15 de outubro. Declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, e declaración da impartición da docencia en galego, a entrega dos datos precisos para a elaboración dos anexos indicados na orde ESS/1987/2013 e o uso dos logos da Consellería e Ministerio.

Aquelas persoas aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas da fase de oposición, deberán achegar xunto coa documentación mencionada, a seguinte:

- a) Solicitalo de modo expreso na súa instancia, concretando as adaptacións concretas que pretende.
- b) Achegar fotocopia compulsada de ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grado de minusvalía competente, acreditando de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grado de minusvalía recoñecido, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se o aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orden PRE/1822/2006 de 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia.

5 LISTAXES PROVISIONAIS E DEFINITIVAS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o alcalde ou concelleiro delegado, no prazo máximo de 1 mes, mediante Resolución, aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, na que se indicará a causa da exclusión, e será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Tui e na súa páxina web, www.concellotui.org. Dita Resolución será definitiva de non haber excluídos. As persoas candidatas, disporán de tres días hábiles para presentar alegacións á dita listaxe provisional, nas mesmas condicións que indican estas bases no seu punto 4 para a entrega da documentación das solicitudes.

Estas alegacións serán aceptadas ou rexeitadas na Resolución que aprobe a listaxe definitiva, que se publicará na mesma forma. Contra esta Resolución definitiva, as persoas declaradas como excluídas, poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do día seguinte da publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Tui.

Namesma Resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas, ou en Resolución independente, o alcalde ou concelleiro delegado, aprobará a composición do Tribunal, para a valoración de méritos.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

6 TRIBUNAL

Rematado o prazo de presentación de instancias e publicada a listaxe definitiva, o Tribunal formado como prescribe o artigo 60 do RDL 5/2015, do 15 de outubro, procederá a efectuar a valoración conforme se describe no punto 7 destas bases.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade que convoca, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando se dean calquera das citadas circunstancias.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente en todo caso, o presidente e o secretario ou quen legalmente os substitúa.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepción de asistencias, clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razón de servizo.

O Tribunal na súa actuación, axustarase ao establecido nas presentes bases. No que non estea disposto, seralle de aplicación á normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 39/2015 do 1 de outubro como na demais normativa de aplicación.

7 PROCESO DE SELECCIÓN:

O procedemento de selección será o de valoración de méritos.

Logo de comprobar que as persoas candidatas cumpren os requisitos esixidos no punto 3 destas bases, o Tribunal procederá a avaliar os méritos achegados por cada aspirante de acordo co seguinte baremo:

1 Titulacións (máximo 1 punto):

Por cada título esixido no Real Decreto 1968/2008 do 28 de novembro, diferente ó achegado como requisito, 1 punto.

2 Experiencia profesional (máximo 5 puntos):

Por cada ano completo de experiencia profesional na materia do curso (queda excluída carpintería de barcos ou ribeira), diferente á achegada como requisito, 1 punto. No caso de contratos a tempo parcial, acumularase ata completar xornadas de tempo completo. No caso de contratos de experiencias profesionais na materia, conxuntas con outras especialidades, solo se valorarán cando, nos contratos ou certificados, quede totalmente aclarado o tempo de experiencia propio desta materia.

A experiencia profesional acreditarase mediante copia compulsada dos contratos ou orixinal ou copia compulsada da certificación de órgano competente que indique con claridade a experiencia profesional no posto de traballo



EXCMO. CONCELLO DE TUI

semellante co obxecto do contrato, e mais a vida laboral actualizada. Os méritos non xustificadas documentalmente ou insuficientemente xustificadas non serán obxecto de valoración por parte do Tribunal de selección.

3 Experiencia docente (máximo 10 puntos):

Por cada 460 horas de experiencia docente na materia do curso (queda excluída carpintería de barcos ou ribeira), nos últimos dez anos, diferente á achegada si fora o caso para exención do punto 3.8, 1 punto. No caso de experiencias con duración inferior a 460 horas, acumularanse ata esa cantidade. No caso de contratos de experiencias docente na materia, conxuntas con outras especialidades, solo se valorarán cando, nos contratos ou certificados, quede totalmente aclarado o tempo de docencia propio desta materia.

A experiencia docente acreditarase mediante copia compulsada dos contratos ou orixinal ou copia compulsada da certificación de órgano competente que indique con claridade a experiencia profesional no posto de traballo semellante co obxecto do contrato, e mais a vida laboral actualizada. Os méritos non xustificadas documentalmente ou insuficientemente xustificadas non serán obxecto de valoración por parte do Tribunal de selección.

4 Lingua galega (máximo 2 puntos):

Titulación de Celga 2 ou inferior: 0,25 puntos

Titulación de Celga 3: 0,5 puntos

Titulación de Celga 4: 1 punto

Titulación de galego administrativo intermedio: 1,5 puntos

Titulación de galego administrativo superior: 2 puntos

Soamente será valorada a titulación de superior puntuación

5 Riscos laborais (máximo 1,5 puntos):

Por realización de cursos de formación en riscos laborais:

De 0 a 49 horas: 0,25 puntos

De 50 a 99 horas: 0,50 puntos

De 100 a 149 horas: 0,75 puntos

De 149 a 199 horas: 1 punto

De 200 ou máis: 1,5 puntos



EXCMO. CONCELLO DE TUI

6 Cursos específicos da materia a impartir (máximo 1,5 puntos):

Por realización dun curso de formación sobre a materia, non conducentes á consecución das titulacións que son requisito, nin á consecución do título de formador ocupacional :

De 0 a 49 horas: 0,25 puntos

De 50 a 99 horas: 0,50 puntos

De 100 a 149 horas: 0,75 puntos

De 149 a 199 horas: 1 punto

De 200 ou máis: 1,5 puntos

7 Cursos de informática, que foran impartidos ou nos que colaborara calquera Administración Pública (máximo 1,5 puntos):

Por realización dun curso de informática que fora impartido ou no que colaborara calquera Administración Pública, non conducente á consecución das titulacións que son requisito, nin á consecución do título de formador ocupacional :

De 0 a 49 horas: 0,25 puntos

De 50 a 99 horas: 0,50 puntos

De 100 a 149 horas: 0,75 puntos

De 149 a 199 horas: 1 punto

De 200 ou máis: 1,5 puntos

8 CUALIFICACIÓN FINAL.

Logo da valoración dos méritos alegados polas persoas aspirantes, o Tribunal publicará a listaxe provisional das puntuacións acadadas. Dita listaxe será exposta no taboleiro de anuncios do Concello, así como na páxina web do mesmo, www.concellotui.org.

As persoas relacionadas na listaxe anterior, disporán de tres días hábiles para presentar alegacións ás valoracións da listaxe provisional, nas mesmas condicións que indican estas bases no seu punto 4 para a entrega da documentación das solicitudes. Esta listaxe, será definitiva, de non presentarse alegacións á mesma no prazo indicado.

Logo da comprobación das alegacións presentadas, o Tribunal aprobará a listaxe definitiva da valoración dos méritos achegados polas persoas aspirantes en orde de maior a menor puntuación e proporá ao alcalde para a súa



EXCMO. CONCELLO DE TUI

contratación á persoa que encabece a relación do proceso selectivo, e que se publicará mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Tui, e na súa páxina web, www.concellotui.org.

En caso de empate nas puntuacións finais, a orde establecerase atendendo aos seguintes criterios:

- *-primeiro: a maior puntuación obtida na valoración da experiencia docente
- *-segundo: a maior puntuación obtida na valoración da experiencia profesional
- *-terceiro: a maior puntuación obtida na valoración dos cursos específicos
- *-cuarto: a maior puntuación obtida na valoración dos cursos de riscos laborais
- *-quinto: a maior puntuación obtida na valoración dos cursos de galego
- *-sexto: de persistir o empate, resolverase por sorteo

Logo da proposta definitiva do Tribunal, o alcalde ditará Resolución para a contratación da persoa proposta, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Tui e na súa páxina web, www.concellotui.org.

A persoa proposta polo Tribunal para a súa contratación, logo de finalizado o proceso selectivo, será contratada, soamente si a súa documentación é admitida pola Consellería de Traballo para a impartición dos módulos deste curso. No caso de ser rexeitada, quedaría totalmente excluída, pasando a seguinte persoa da listaxe proposta polo Tribunal.

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc. utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso, e sempre que a súa documentación sexa admitida pola Consellería de Traballo, como queda indicado no parágrafo anterior.

Contra a Resolución definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, dende a súa publicación, ou directamente, recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso administrativa, dende o día seguinte á publicación do mesmo.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningunha persoa aspirante a proba ou por non presentarse ninguén á mesma, o alcalde queda autorizado a convocalo novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

9 CONTRATACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS



EXCMO. CONCELLO DE TUI

No prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da Resolución do alcalde para a contratación das persoas propostas polo Tribunal, as persoas relacionadas deberán presentar a documentación acreditativa dos requisitos sinalados nestas bases para acceder ó posto de traballo, un certificado médico que acredite a súa condición de apto/a para o desenvolvemento das funcións do posto, o anexo III, o anexo IV, e o anexo V da Orde ESS/1897/2013 (estes anexos deberán achegalos en formato electrónico).

No caso de que as persoas seleccionadas non reunisen os requisitos necesarios para a contratación, poderán ser substituídas polas seguintes da relación do proceso selectivo por orden de puntuación de maior a menor, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir a praza indicada nestas bases por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso.

10 INTERPRETACIÓN DAS BASES

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

A normativa de referencia en caso de dúbida é *“Orde do 7 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente aos exercicios de 2017 e 2018 (código de procedemento TR301K)”*.

11 TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS E COMUNICACIÓNS

As persoas que presenten as súas solicitudes para este proceso, autorizan con elo, ó tratamento dos seus datos persoais, ao Concello de Tui, para tódolos trámites relacionados con este proceso selectivo, debendo dirixirse por escrito, ao Concello de Tui, en Praza do Concello, núm. 1, 36700 Tui, Pontevedra, para a anulación deste permiso, unha vez que finalice o citado proceso, si así o estiman.

Todas as comunicacións, avisos e publicacións referentes a este proceso, realizaranse por publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Tui e na súa páxina web, www.concellotui.org.

12 RECURSOS

As persoas interesadas poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como na Lei 29/1998 do 13 de xullo da xurisdición contencioso administrativa.

SEGUNDO: Publicar anuncio da convocatoria no nun xornal de difusión provincial e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

TERCEIRO: Recursos procedentes:

Contra a presente Resolución que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse o **RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN** ante esta Concellería delegada, e no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo de un mes segundo establece o artigo 123. da devandita Lei 39/2015, entendendose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da lei 39/2015, podendo os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto consonte o establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a dereito.

Tui a data da sinatura dixital a marxe.

O Concelleiro delegado de persoal, José Ramón Magán Rivera.